

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

14332 *Real decreto 999/2017, do 24 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes.*

O Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes, establece a normativa básica en materia de produtos fertilizantes, non considerados como «fertilizantes CE» e as normas necesarias de coordinación coas comunidades autónomas.

A evolución do progreso técnico e científico facilitou o desenvolvemento de novos produtos fertilizantes para os cales hai que adaptar o marco lexislativo vixente. En concreto, o desenvolvemento de produtos fertilizantes que incorporan microorganismos cuxa acción é facilitar a dispoñibilidade de nutrientes para a planta obrigou a unha revisión en profundidade do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, para a súa incorporación ao Rexistro de Produtos Fertilizantes. O establecemento de tipos xenéricos para prever a heteroxeneidade de especies con eficacia fertilizante, así como preservar a confidencialidade dos procesos industriais e o dinamismo da investigación, son as razóns que favorecen a ampliación do ámbito do citado rexistro. Todo isto deberá vir apoiado por unha información fidedigna de eficacia e seguranza, como se detalla no anexo VIII que se crea para tal efecto.

Por todo isto, é necesario actualizar o articulado do real decreto, principalmente para abranguer os aspectos relacionados con microorganismos que poden formar parte dun fertilizante, e os anexos, para incluír novos tipos de produtos (anexo I), actualizar as disposicións sobre identificación e etiquetaxe (anexo II), modificar unha marxe de tolerancia (anexo III), establecer os métodos de análise para estes novos produtos (anexo VI) e corrixir un erro nas instrucións para a inclusión dun novo tipo de fertilizantes (anexo VII). Ademais, engádese un anexo VIII que establece os requisitos específicos dos produtos fertilizantes elaborados con microorganismos.

Após a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, é necesario tamén adaptar o procedemento de inscrición no Rexistro de Produtos Fertilizantes e substituír as referencias á Lei 30/1992, do 26 de novembro, polas correspondentes na nova regulación.

No proceso de elaboración desta disposición seguiuuse o procedemento establecido no capítulo VI, «Adaptación dos anexos», do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, que ten en conta a información previa do comité de expertos e, así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

O presente real decreto foi sometido ao procedemento previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como ao disposto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade por suplencia da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, do ministro de Economía, Industria e Competitividade, e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de novembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes.*

O Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes, queda modificado como segue:

Un. Os números 1 e 2 do artigo 14 quedan redactados como segue:

«1. O fabricante deberá realizar un seguimento analítico, con periodicidade ao menos semestral, do produto final, para asegurarse de que se manteñen as riquezas garantidas.

2. Nos produtos con compoñentes orgánicos, o fabricante velará polo mantemento da composición, riquezas e demais características garantidas do produto final e asegurarse de que este segue cumprindo as condicións especificadas na regulación prevista no anexo V, mediante análise de control con periodicidade, ao menos trimestral nestes casos.

O fabricante de produtos con compoñentes orgánicos velará durante o proceso para que as materias primas cumpran en todo momento os requisitos legais a que estean sometidas pola súa orixe e natureza.»

Dous. Engádese un artigo 18 *bis* que queda redactado como segue:

«Artigo 18 bis. *Microorganismos que poden formar parte dun produto fertilizante.*

1. Para elaborar produtos fertilizantes só se poderán empregar microorganismos que teñan demostrado que sós ou mesturados cun fertilizante, con independencia do seu contido en nutrientes, estimulan os procesos biolóxicos da planta mellorando a eficiencia na absorción ou no uso de nutrientes, a tolerancia ao estrés abiótico ou a calidade da colleita.

2. Os produtos fertilizantes en cuxa composición entren os microorganismos incluídos neste artigo deben cumprir, ademais, os requisitos especificados no anexo VIII.»

Tres. O título do artigo 19 e o seu número 1 quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 19. *Nivel máximo de microorganismos patóxenos.*

1. Os produtos que conteñan materias primas de orixe orgánica, animal, vexetal ou microbiana non poderán superar os valores máximos de microorganismos patóxenos incluídos no anexo V.»

Catro. Engádese o parágrafo seguinte ao final do artigo 20:

«No caso dos tipos do número 4 do grupo 4 do anexo I do presente real decreto, só se aplicará a aqueles produtos que conteñan na súa composición materias orgánicas de orixe animal ou vexetal.»

Cinco. O título do capítulo V queda redactado como segue:

«Rexistro de produtos fertilizantes elaborados con materiais de orixe orgánica ou con microorganismos.»

Seis. Os números 1 e 4 do artigo 21 quedan redactados como segue:

«1. Os produtos fertilizantes incluídos nalgún dos grupos 2, 3 e 6 ou no número 4 do grupo 4 (produtos especiais baseados en microorganismos) do anexo I só poderán ser postos no mercado se previamente foron inscritos no Rexistro de Produtos Fertilizantes da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a que se refire o artigo 25.»

«4. O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, tendo en conta para estes efectos os posibles casos de suspensión do procedemento a que se refire o artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Este prazo poderase ampliar de acordo co previsto no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Transcorrido este prazo sen que se notificase ao fabricante resolución expresa da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, entenderase desestimada a solicitude.

Contra a resolución que denegue a inscrición dun produto fertilizante no Rexistro de Produtos Fertilizantes, o interesado poderá interpor recurso de alzada ante o titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, nos termos previstos no número 1 do artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Sete. O artigo 24 substitúese polo seguinte:

«Artigo 24. *Requisitos da solicitude.*

1. A solicitude, tanto para a inscrición como para renovar a inscrición do produto, deberá estar redactada na lingua española oficial do Estado e dirixirse, utilizando os correspondentes modelos de formulario normalizados, ao director xeral de Producións e Mercados Agrarios, e incluíndo, ao menos, os datos seguintes:

a) Nome ou razón social, enderezo e número de identificación fiscal do fabricante como responsable do produto.

b) Denominación do tipo de produto de acordo co sinalado no anexo I.

c) Nome comercial do produto en España.

d) Instalación onde se fabrica o produto.

e) Declaración detallada de todas as materias primas utilizadas na súa fabricación, coa porcentaxe en masa que corresponda a cada unha delas. As materias primas de orixe orgánica detallaranse e identificaranse coa nomenclatura e código numérico (seis díxitos) do anexo IV, e o resto dos ingredientes distintos dos fertilizantes minerais ou das emendas calcarias, coa denominación establecida na nomenclatura da International Union of Pure and Applied Chemistry (IUPAC) e, se se dispón del, o número Chemical Abstracts Service (CAS) ou o número CE.

No caso dos microorganismos, identificaranse até xénero e especie, de acordo co establecido no anexo VIII.

f) Descrición do proceso de fabricación. No caso dos microorganismos, ademais, indícarase o método de obtención, propagación e cultivo de cada microorganismo, tanto para obter industrialmente o cultivo como as condicións para que poida crecer e illarse en laboratorio, a fin de podelo identificar.

g) Forma de presentación do produto e modo de emprego. No caso dos microorganismos débese declarar:

O substrato ou portador en que se presentan os microorganismos.

Os cultivos e condicións (dose, fertirrigación, aplicación en sementeira, etc.) nos cales demostrasen a súa eficiencia, de acordo cos requisitos do anexo VIII.

Incompatibilidades coñecidas, é dicir, aquelas prácticas culturais que diminúan a eficiencia destes produtos, como poden ser o uso de produtos fitosanitarios que interfiran co seu crecemento ou función, outros microorganismos incompatibles, etc.

h) Declaración do contido en nutrientes, parámetros e demais características exixibles para o tipo de produto fertilizante a que corresponda, segundo o indicado nas columnas 5 e 6 do anexo I e nos anexos V e VIII. O pH do produto declararase en todos os casos. Naqueles casos en que, por variacións do proceso de fabricación ou nas características da materia prima, os valores antes especificados poidan ter diferente magnitude, declararanse límites mínimo e máximo correspondentes.

i) Certificado analítico do produto fertilizante, no cal se inclúan os contidos de nutrientes e demais requisitos indicados para cada tipo de fertilizante ou emenda, na columna 5 do anexo I, así como os parámetros especificados no anexo V. Este certificado analítico non será exigible cando o fabricante estea certificado por unha entidade certificadora.

j) Cando da orixe da materia prima se poida sospeitar razoablemente a presenza de medicamentos, substancias con propiedades persistentes, bioacumulables e/ou tóxicas ou con risco para a saúde das persoas, animais ou ambiente, a autoridade competente poderá solicitar a determinación analítica dos seus contidos no produto fertilizante.

k) Ficha de datos de seguranza naqueles supostos en que así o estableza o artigo 31 do Regulamento (CE) 1907/2006.

l) Informe técnico de acordo co anexo VIII, no caso dos produtos do número 4 do grupo 4.

m) Xustificación de ter depositado os microorganismos nunha colección oficial, no caso dos produtos do número 4 do grupo 4.

2. A solicitude a que se refire o número 1 presentarase no Rexistro Xeral do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ou nos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Oito. O número 2 da disposición derradeira segunda queda redactado como segue:

«2. Facúltase o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os anexos I, II, III, IV, VI, VII e VIII, de acordo co procedemento establecido no capítulo VI, así como para aprobar os modelos normalizados de solicitude sinalados no capítulo V.»

Nove. O anexo I substitúese polo que figura como anexo I do presente real decreto.

Dez. O anexo II queda modificado como segue:

a) Na parte A.2, inclúese un novo número 2.4 (expresión dos microorganismos) co seguinte contido:

«Indicaranse todas as especies de microorganismos que entren a formar parte do produto fertilizante, sempre que estean presentes nunha cantidade mínima que garanta a súa eficacia agronómica nas condicións dos ensaios que se presenten de acordo co exigido no anexo VIII. O contido expresarase no caso das bacterias como ufc/ml en produtos líquidos, ou ufc/g en produtos sólidos e, no caso dos fungos, como n.º propágulos/ml en produtos líquidos ou n.º propágulos/g en produtos sólidos.»

b) Na parte A.3, a alínea a) queda modificada como segue:

«a) Nos produtos líquidos e no tipo 6.05 (emenda orgánica vermicomposta), o contido en nutrientes expresarase en porcentaxe en masa, e pódese tamén incluír o equivalente da masa en relación co volume (quilogramos por hectolitro ou gramos por litro).»

c) Na parte A.4. intercalárase un parágrafo entre os dous xa existentes, coa seguinte redacción:

«No caso dos produtos do grupo 4.4., farase mención ás condicións de uso para as cales eses produto foi autorizado de acordo cos requisitos fixados no presente real decreto e os resultados dos ensaios que a empresa presentase para a inscrición do produto no Rexistro de Produtos Fertilizantes mencionado no artigo 21. Esta información incluírá tamén as incompatibilidades coñecidas, de acordo co establecido no artigo 24. Tamén se incluírá data de caducidade, que en ningún caso

poderá superar un ano desde a data de fabricación. Ademais, en caso de que os produtos necesiten condicións especiais de almacenamento, deberanse indicar tamén na etiqueta.»

d) Na parte A.5. engadirase unha alínea j) coa seguinte redacción:

«j) No caso dos produtos do número 4 do grupo 4, débese incorporar a frase “Contén microorganismos. Pode provocar reaccións de sensibilización. Recoméndase a utilización de equipamento de protección respiratoria (respirador descartable ou careta filtrante, ao menos EN 149 FFP3 ou equivalente) ao manipular o preparado ou aplicar o produto”.»

Once. No número 4 do anexo III suprímese a seguinte frase:

«Contido en ácidos orgánicos: 20% do valor declarado até un máximo do 3 % en valor absoluto.»

Doce. O anexo VI substituirase polo que figura como anexo II do presente real decreto.

Trece. Na alínea e) do anexo VII, onde se menciona o artigo 35 debe dicir «número 5 do artigo 31».

Catorce. Engádesse un anexo VIII, que figura como anexo III do presente real decreto.

Disposición transitoria primeira. Comercialización.

Os produtos fertilizantes correspondentes a tipos que non necesiten inscrición no Rexistro de Produtos Fertilizantes para a súa comercialización e que fosen modificados polo presente real decreto disporán dun prazo de dezaioito meses, desde a entrada en vigor deste, para adaptárense á nova normativa.

Os produtos inscritos no Rexistro de Produtos Fertilizantes con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto poderán seguirse a comercializar de acordo coa normativa vixente no momento da súa inscrición até a data de caducidade da súa autorización.

Disposición transitoria segunda. Etiquetaxe.

Os produtos fertilizantes actualmente comercializados poderán seguirse a etiquetar de acordo coa normativa anterior até dezaioito meses despois da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. Tramitación de expedientes.

A presente norma non será aplicable ás solicitudes de inscrición, modificación ou renovación no Rexistro de Produtos Fertilizantes que estiveren en tramitación e pendentes de resolución no momento da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de novembro de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

«ANEXO I

Relación de tipos de produtos fertilizantes

- Grupo 1. Fertilizantes inorgánicos nacionais.
- Grupo 2. Fertilizantes orgánicos.
- Grupo 3. Fertilizantes órgano-minerais.
- Grupo 4. Outros fertilizantes e produtos especiais.
- Grupo 5. Emendas calcarias.
- Grupo 6. Emendas orgánicas.
- Grupo 7. Outras emendas.

Nota xeral: as porcentaxes a que se fai referencia ao longo do presente anexo entenderanse expresadas sobre materia fresca, salvo que se especifique o contrario.

Grupo 1. Fertilizantes inorgánicos nacionais

1.1 Fertilizantes inorgánicos con nutrientes principais.

1.1.1 Nitroxenados.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Solución amoniacal.	Produto obtido por vía química cuxo compoñente esencial é o amoníaco en auga.	20% de N total, en forma amoniacal.	Auga amoniacal.	Nitróxeno amoniacal.
02	Amoníaco anhidro.	Produto obtido por vía química que contén como compoñente esencial o amoníaco anhidro (NH ₃) licuado a presión.	80% de N total, en forma amoniacal.		Nitróxeno amoniacal.
03	Solución de nitrato amónico e amoníaco, con ou sen urea.	Produto obtido por vía química mediante unha disolución estable á presión atmosférica dos tipos de fertilizantes nitrato amónico, amoníaco, con ou sen urea.	– 35% de N total, en forma nítrica, amoniacal e, se for o caso, ureica. – Contido máximo en biureto: 0,5%.		– Nitróxeno total – Nitróxeno amoniacal – Nitróxeno nítrico – Nitróxeno ureico (se procede).
04	Ácido nítrico.	Produto obtido por vía química, cuxo compoñente principal é o ácido nítrico.	10% de N total, en forma nítrica.		Nitróxeno nítrico.
05	Solución ácida de fertilizante nitroxenado con xofre.	Produto obtido por vía química, mediante reacción controlada de ácido sulfúrico con urea.	– 8% de N total, en forma ureica. – 40% de SO ₃ soluble en auga.		– Nitróxeno ureico – Trióxido de xofre soluble en auga.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
06	Solución de sulfato amónico-nitrato amónico.	Produto líquido obtido quimicamente ou por disolución en auga cuxos compoñentes principais son sulfato amónico e nitrato amónico.	9% de N total. – N amoniacal: 7,5%. – N nítrico: 1,5%. – 12% de SO ₃ soluble en auga.	A denominación do tipo poderá ir seguida, 15 segundo os casos, por unha ou varias das mencións seguintes: Para aplicación directa ao solo. – Para fabricación de solucións nutritivas. – Para fertirrigación.	– Nitróxeno total. – Nitróxeno amoniacal. – Nitróxeno nítrico. – Trióxido de xofre soluble en auga.
07	Fertilizante nitroxenado mixto.	Produto obtido por combinación química ou por mestura de fertilizantes CE nitroxenados simples, con excepción de urea con nitrato amónico e aqueles que sexan incompatibles quimicamente.	– 20% de N total. – 4% de N, ao menos, en dúas das seguintes formas: nítrica, amoniacal ou ureica. – Contido máximo en biureto: 0,8%.	Nome dos fertilizantes CE utilizados na súa obtención.	– Nitróxeno total. Se superan o 1%: – Nitróxeno nítrico. – Nitróxeno amoniacal. – Nitróxeno ureico.
08	Solución nitroxenada.	Produto líquido obtido quimicamente e/ou por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, de fertilizantes CE do grupo A.1 ou do grupo 1.1.1 deste anexo ou produtos similares que non alcancen a riqueza exixida para eses tipos, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.	– 15% de N total. – Contido máximo en biureto: N ureico × 0,026.		– Nitróxeno total. Se superan o 0,5%: ou nitróxeno nítrico ou nitróxeno amoniacal ou nitróxeno ureico. Poderanse declarar: – CaO soluble en auga (se supera o 0,2%), – MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e – SO ₃ soluble en auga (se supera o 2,5%). – Se o contido en biureto é inferior ao 0,2%, poderase incluír a indicación «pobre en biureto».

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
09	Solución nitroxenada con elementos secundarios.	Produto líquido obtido quimicamente e/ou por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, de fertilizantes nitroxenados CE do grupo A.1 ou do grupo 1.1.1 deste anexo ou produtos similares que non alcancen a riqueza exixida para eses tipos, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.	<ul style="list-style-type: none"> - 6% de N total e, ao menos, - 17% de SO₃ soluble en auga ou - 5% de CaO soluble en auga e/ou - 4% de MgO soluble en auga - Contido máximo en biureto: N ureico × 0,026. 		<ul style="list-style-type: none"> - Nitróxeno total. Se superan o 0,5%: ou Nitróxeno nítrico ou Nitróxeno amoniacal ou Nitróxeno ureico. - CaO soluble en auga cando supere o 5%. - MgO soluble en auga cando supere o 4%. - SO₃ soluble en auga cando supere o 17%. Poderanse declarar: <ul style="list-style-type: none"> - CaO soluble en auga (se supera o 0,2%), - MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e - SO₃ soluble en auga (se supera o 2,5%). - Se o contido en biureto é inferior ao 0,2% poderase incluír a indicación «pobre en biureto».
10	Solución de tiosulfato amónico.	Produto obtido por vía química cuxo compoñente esencial é o tiosulfato amónico.	10% de N total, en forma amoniacal. 54% de SO ₃ soluble en auga, do cal, ao menos, o 90% está presente en forma de tiosulfato.		Nitróxeno amoniacal. Trióxido de xofre (SO ₃) soluble en auga. Trióxido de xofre (SO ₃) soluble en auga en forma de tiosulfato.
11	Fertilizante nitroxenado mixto con secundarios.	Produto obtido por combinación química ou por mestura de fertilizantes CE nitroxenados simples, con excepción de urea con nitrato amónico e aqueles que sexan incompatibles quimicamente e que debe conter elementos secundarios.	16% N total. 4% N, ao menos, en dúas das seguintes formas: nítrica, amoniacal ou ureica. Contido máximo en biureto: 0,8%. 2% CaO soluble en auga e/ou 2% MgO soluble en auga. 25% SO ₃ soluble en auga.	Nome dos fertilizantes CE utilizados na súa obtención.	N total. Se supera o 1%: ou N nítrico ou N amoniacal ou N ureico. • CaO soluble en auga cando supere o 2%. • MgO soluble en auga cando supere o 2%. • SO ₃ soluble en auga.

1.1.2 Fosfatados.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Ácido fosfórico.	Produto obtido por vía química e cuxo compoñente principal é o ácido ortofosfórico.	– 40% P ₂ O ₅ soluble en auga. – Fósforo en forma de pentóxido de fósforo (P ₂ O ₅) do ácido ortofosfórico.		Pentóxido de fósforo (P ₂ O ₅) soluble en auga.

1.1.3 Potásicos.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Solución potásica.	Produto obtido por vía química e/ou física, posto en solución acuosa, que contén como compoñentes esenciais substancias portadoras de potasio, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.	6% de K ₂ O soluble en auga.	As solucións potásicas en que o potasio proceda exclusivamente do sulfato potásico poderanse denominar «solución de sulfato potásico».	– Óxido de potasio soluble en auga. – Contido en cloruro. – Contido en SO ₃ soluble en auga (se supera o 2,5%).
02	Solución de tiosulfato potásico.	Produto obtido por vía química cuxo compoñente esencial é o tiosulfato potásico.	20% de K ₂ O soluble en auga. 33% de SO ₃ soluble en auga, do cal, ao menos, o 90% está presente en forma de tiosulfato.		Óxido de potasio (K ₂ O) soluble en auga. Trióxido de xofre (SO ₃) soluble en auga. Trióxido de xofre (SO ₃) soluble en auga en forma de tiosulfato.

1.1.4 Fertilizantes de compostos líquidos.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Solución NPK.	Produto obtido quimicamente e por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, de fertilizantes CE dos grupos A, B ou C ou do grupo 1 deste anexo ou produtos similares que non alcancen a riqueza exixida para eses tipos, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.	<ul style="list-style-type: none"> - N + P₂O₅ + K₂O: 7%. - N total: 1%. - P₂O₅: 1%. - K₂O: 1%. - Contido máximo en biureto: N ureico × 0,026. 	As solucións potásicas en que o potasio proceda exclusivamente do sulfato potásico poderanse denominar «solución de sulfato potásico».	<ul style="list-style-type: none"> - Nitróxeno total. Se superan o 0,5% ou nitróxeno nítrico ou nitróxeno amoniacal ou nitróxeno ureico. - P₂O₅ soluble en auga. - K₂O soluble en auga. Poderanse declarar: <ul style="list-style-type: none"> - CaO soluble en auga (se supera o 0,2%), - MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e - SO₃ soluble en auga (se supera o 2,5%). - Se o contido en biureto é inferior ao 0,2%, poderase incluír a indicación «pobre en biureto».
02	Solución NP.	Produto obtido quimicamente e por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, de fertilizantes CE dos grupos A, B ou C ou do grupo 1 deste anexo ou produtos similares que non alcancen a riqueza exixida para eses tipos, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.	<ul style="list-style-type: none"> - N + P₂O₅: 9%. - N total: 1%. - P₂O₅: 1%. - Contido máximo en biureto: N ureico × 0,026. 		<ul style="list-style-type: none"> - Nitróxeno total. Se superan o 0,5% ou nitróxeno nítrico ou nitróxeno amoniacal ou nitróxeno ureico. - P₂O₅ soluble en auga. Poderanse declarar: <ul style="list-style-type: none"> - K₂O soluble en auga (se supera o 0,5%). - CaO soluble en auga (se supera o 0,2%), - MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e - SO₃ soluble en auga (se supera o 2,5%). - Se o contido en biureto é inferior ao 0,2% poderase incluír a indicación «pobre en biureto».

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
03	Solución NK.	Produto obtido quimicamente e por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, de fertilizantes CE do grupo A, B ou C ou do grupo 1 deste anexo ou produtos similares que non alcancen a riqueza exixida para eses tipos, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.	N + K ₂ O: 7%. – N total: 1%. – K ₂ O: 1%. – Contido máximo en biureto: N ureico × 0,026.		– Nitróxeno total. Se superan o 0,5%: ou nitróxeno nítrico ou nitróxeno amoniacal ou nitróxeno ureico. – K ₂ O soluble en auga. Poderanse declarar. – P ₂ O ₅ soluble en auga (se supera o 0,5%). – CaO soluble en auga (se supera o 0,2%), – MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e – SO ₃ soluble en auga (se supera o 2,5%). – Se o contido en biureto é inferior ao 0,2%, poderase incluír a indicación «pobre en biureto».
04	Solución PK.	Produto obtido quimicamente e por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, de fertilizantes CE do grupo A, B ou C ou do grupo 1 deste anexo ou produtos similares que non alcancen a riqueza exixida para eses tipos, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.	– P ₂ O ₅ + K ₂ O: 7%. – P ₂ O ₅ : 1%. – K ₂ O: 1%.		– P ₂ O ₅ soluble en auga. – K ₂ O soluble en auga. Poderanse declarar: – N total (se supera o 0,5%). – CaO soluble en auga (se supera o 0,2%), – MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e – SO ₃ soluble en auga (se supera o 2,5%).
05	Suspensión NPK.	Produto en forma líquida, cuxos elementos nutrientes proceden de substancias tanto en suspensión como disoltas en auga, de fertilizantes CE do grupo A, B ou C ou do grupo 1 deste anexo ou produtos similares que non alcancen a riqueza exixida para eses tipos, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.	– N + P ₂ O ₅ + K ₂ O: 20%. – N total: 2%. – P ₂ O ₅ soluble en citrato amónico neutro e auga: 4%. – K ₂ O soluble en auga: 4%. – Contido máximo en biureto: N ureico × 0,026.		– Nitróxeno total. Se superan o 1% ou nitróxeno nítrico ou nitróxeno amoniacal ou nitróxeno ureico. – P ₂ O ₅ soluble en auga. – P ₂ O ₅ soluble en citrato amónico neutro e auga. – K ₂ O soluble en auga. Poderanse declarar: – CaO soluble en auga (se supera o 0,5%), – MgO soluble en auga (se supera o 0,3%) e – SO ₃ soluble en auga (se supera o 2,5%). – Se o contido en biureto é inferior ao 0,2% poderase incluír a indicación «pobre en biureto».

1.2 Fertilizantes inorgánicos con nutrientes secundarios.

Nota 1. Especificarase se o produto é para aplicación foliar, para fertirrigación, en solucións nutritivas, en substratos inertes ou en varias destas formas.

Nota 2. Os únicos axentes quelantes ou complexantes autorizados son os reflectidos nos números 1.2.3 ou 1.2.4 deste anexo, os cales se poderán denominar polas súas abreviaturas tamén alí indicadas.

Nota 3. Se un nutriente está presente en forma quelada ou complexada, haberá que indicar en que intervalo de pH se garante unha boa estabilidade destas fraccións, para cada unha das súas formas de aplicación.

1.2.1 Cun só nutriente secundario.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Cloruro cálcico.	Produto obtido quimicamente que se compón esencialmente de cloruro cálcico.	12% de CaO soluble en auga.	pH.	Óxido de calcio (CaO) soluble en auga.
02	Acetato cálcico.	Produto obtido quimicamente que se compón esencialmente de acetato cálcico soluble en auga.	12% de CaO soluble en auga.	pH.	Óxido de calcio (CaO) soluble en auga.
03	Solución de acetato cálcico.	Produto líquido obtido quimicamente ou por disolución que se compón esencialmente de acetato cálcico.	6% de CaO soluble en auga.	pH.	Óxido de calcio (CaO) soluble en auga.
04	Quelato de calcio.	Produto soluble en auga obtido por combinación química de calcio con axentes quelantes.	10% de CaO soluble en auga (ao menos 8/10 do contido declarado debe estar quelado).	Nome dos axentes quelantes.	– Óxido de calcio (CaO) soluble en auga. – Óxido de calcio (CaO) quelado por cada un dos axentes quelantes.
05	Solución de calcio quelado.	Produto obtido por disolución en auga do tipo 04.	2% de CaO soluble en auga (ao menos 8/10 do contido declarado debe estar quelado).	Nome dos axentes quelantes.	– Óxido de calcio (CaO) soluble en auga. – Óxido de calcio (CaO) quelado por cada un dos axentes quelantes.
06	Calcio complexado.	Produto soluble en auga obtido por combinación química de calcio con axentes complexantes.	5% de CaO soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome dos axentes complexantes.	– Óxido de calcio (CaO) soluble en auga. – Óxido de calcio (CaO) complexado por cada un dos axentes complexantes.
07	Solución de calcio complexado.	Produto obtido por disolución en auga do tipo 06.	2% de CaO soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome dos axentes complexantes.	– Óxido de calcio (CaO) soluble en auga. – Óxido de calcio (CaO) complexado por cada un dos axentes complexantes.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
08	Quelato de magnesio.	Produto soluble en auga obtido por combinación química de magnesio con axentes quelantes.	6% de MgO soluble en auga (ao menos 8/10 do contido declarado debe estar quelado).	Nome dos axentes quelantes.	<ul style="list-style-type: none"> - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga. - Óxido de magnesio (MgO) quelado por cada un dos axentes quelantes.
09	Solución de magnesio quelado.	Produto obtido por disolución en auga do tipo 08.	1% de MgO soluble en auga (ao menos 8/10 do contido declarado debe estar quelado).	Nome dos axentes quelantes.	<ul style="list-style-type: none"> - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga. - Óxido de magnesio (MgO) quelado por cada un dos axentes quelantes.
10	Magnesio complexado.	Produto soluble en auga obtido por combinación química de magnesio con axentes complexantes.	3% de MgO soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome dos axentes complexantes.	<ul style="list-style-type: none"> - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga. - Óxido de magnesio (MgO) complexado por cada un dos axentes complexantes..
11	Solución de magnesio complexado.	Produto obtido por disolución en auga do tipo 10.	1% de MgO soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome dos axentes complexantes.	<ul style="list-style-type: none"> - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga. - Óxido de magnesio (MgO) complexado por cada un dos axentes complexantes.
12	Xofre elemental con arxila.	Produto obtido por mestura de xofre elemental ao estado fundido e de arxila.	80% de S (200% SO ₃).		<ul style="list-style-type: none"> - Trióxido de xofre (SO₃) en forma elemental.

1.2.2 Con máis dun nutriente secundario.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Mestura sólida de Ca e Mg.	Produto obtido por mestura de produtos a base de Ca e Mg.	<ul style="list-style-type: none"> - A suma mínima de CaO e MgO debe ser un 6% da masa do fertilizante, cun mínimo de 2% de CaO soluble en auga e 2% de MgO soluble en auga. - Ademais, cando o Ca e/ou o Mg estean presentes en forma quelada: 1% de CaO e/ou 0,5% de MgO, quelados por cada un dos axentes quelantes. Ademais, cando o Ca e/ou o Mg estean presentes en forma complexada: 1% de CaO e/ou 0,5% de MgO, complexados por cada un dos axentes complexantes. 	Nome dos axentes quelantes ou complexantes, se for o caso. pH.	<ul style="list-style-type: none"> Óxido de calcio (CaO) soluble en auga. - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga. Se algún dos nutrientes secundarios está quelado ou complexado, para cada un dos axentes quelantes ou complexantes: <ul style="list-style-type: none"> - Óxido de calcio (CaO) quelado ou complexado. - Óxido de magnesio (MgO) quelado ou complexado.
02	Mestura líquida de Ca e Mg.	Produto líquido obtido por mestura de produtos a base de Ca e Mg.	<ul style="list-style-type: none"> A suma mínima de CaO e MgO debe ser un 2% da masa do fertilizante, cun mínimo de: <ul style="list-style-type: none"> - 0,5% de CaO soluble en auga, cando estea presente en forma mineral, quelada ou complexada. - 0,3% de MgO soluble en auga, cando estea presente en forma mineral, quelada ou complexada. 	Nome dos axentes quelantes ou complexantes, se for o caso. pH.	<ul style="list-style-type: none"> - Óxido de calcio (CaO) soluble en auga. - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga. Se algún dos nutrientes secundarios está quelado ou complexado, para cada un dos axentes quelantes ou complexantes: <ul style="list-style-type: none"> - Óxido de calcio (CaO) quelado ou complexado. - Óxido de magnesio (MgO) quelado ou complexado.
03	Solución de tiosulfato cálcico.	Produto obtido por vía química cuxo compoñente esencial é o tiosulfato de calcio.	<ul style="list-style-type: none"> 6% de CaO soluble en auga. 17% de SO₃ soluble en auga, do cal, ao menos, o 90% está presente en forma de tiosulfato. 		<ul style="list-style-type: none"> Óxido de Calcio (CaO) soluble en auga. Trióxido de xofre (SO₃) soluble en auga. Trióxido de xofre (SO₃) soluble en auga en forma de tiosulfato.

1.2.3 Lista de materias orgánicas autorizadas para quelar Ca ou Mg.

Ácidos ou sales de sodio, potasio ou amonio de:			N.º CAS
Ácido etilendiaminotetraacético	EDTA	$C_{10}H_{16}O_8N_2$	60-00-4
Ácido dietilentriaminopentaacético	DTPA	$C_{14}H_{23}O_{10}N_3$	67-43-6
Ácido 2-hidroxietil etilendiaminotriacético. . .	HEEDTA	$C_{10}H_{18}O_7N_2$	150-39-0

1.2.4 Lista de materias orgánicas autorizadas para complexar Ca ou Mg, unicamente para aplicación foliar e para os nutrientes especificados.

Ácidos ou sales de sodio, potasio ou amonio de:			N.º CAS
Ácido glicónico, para Ca e Mg	AG	$C_6H_{12}O_7$	526-95-4
Ácido heptaglicónico, para Ca e Mg	AHG	$C_7H_{14}O_8$	2782-86-7
Ácido cítrico, para Ca	AC	$C_6H_8O_7$	77-92-9
Ácido lignosulfónico, para Ca e Mg	LS		8062-15-5

1.3 Fertilizantes inorgánicos con micronutrientes.

Nota 1. Especificarase se o produto é para aplicación foliar, para fertirrigación, en solucións nutritivas, en substratos inertes ou en varias destas formas.

Nota 2. Os únicos axentes complexantes ou quelantes autorizados son os reflectidos no número 1.3.5 deste anexo, así como os da lista E.3.1. do Regulamento CE n.º 2003/2003, os cales se poderán denominar polas súas abreviaturas tamén alí indicadas.

Nota 3. Se un nutriente está presente en forma complexada, haberá que indicar en que intervalo de pH se garante unha boa estabilidade destas fraccións para cada unha das súas formas de aplicación.

1.3.1 Cun só micronutriente.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Acetato de cobre.	Produto obtido por vía química que contén como compoñente esencial acetato de cobre soluble en auga.	34% de Cu soluble en auga (2% ao menos para produtos en solución ou suspensión).	pH.	Cobre (Cu) soluble en auga.
02	Cobre complexado.	Produto soluble en auga obtido por combinación química de cobre cun axente complexante.	5% Cu soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome do axente complexante.	- Cobre (Cu) soluble en auga. - Cobre (Cu) complexado.
03	Solución de cobre complexado.	Produto obtido por disolución en auga do tipo 02.	2% Cu soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado deben estar complexado).	Nome do axente complexante.	- Cobre (Cu) soluble en auga. - Cobre (Cu) complexado.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
04	Ferro complexado.	Produto soluble en auga obtido por combinación química de ferro cun axente complexante.	5% Fe soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome do axente complexante.	– Ferro (Fe) soluble en auga. – Ferro (Fe) complexado.
05	Solución de ferro complexado.	Produto obtido por disolución en auga do tipo 04.	2% Fe soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome do axente complexante.	– Ferro (Fe) soluble en auga. – Ferro (Fe) complexado.
06	M a n g a n e s o complexado.	Produto soluble en auga obtido por combinación química de manganeso e un axente complexante.	5% Mn soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome do axente complexante.	– Manganeso (Mn) soluble en auga. – Manganeso (Mn) complexado.
07	Solución de manganeso complexado.	Produto obtido por disolución en auga do tipo 06.	2% Mn soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome do axente complexante.	– Manganeso (Mn) soluble en auga. – Manganeso (Mn) complexado.
08	Zinc complexado.	Produto soluble en auga obtido por combinación química de zinc e un axente complexante.	5% Zn soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome do axente complexante.	– Zinc (Zn) soluble en auga. – Zinc (Zn) complexado.
09	Solución de zinc complexado.	Produto obtido por disolución en auga do tipo 08.	2% Zn soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado).	Nome do axente complexante.	– Zinc (Zn) soluble en auga. – Zinc (Zn) complexado.
10	Fosfato ferroso.	Produto obtido por vía química a partir da precipitación de sales ferrosos (Fe II) con distintos fosfatos.	25% Fe total, sendo a metade, ao menos, en forma ferrosa. 20% P ₂ O ₅ soluble en ácidos minerais. Po apto para preparar suspensións en auga.	Po para preparar suspensións inxectables no solo.	– Fe total. – Fe ferroso. – P ₂ O ₅ soluble en ácidos minerais. – N total (se supera o 1%). – SO ₃ soluble en auga (se supera o 5%).

1.3.2 Mesturas de micronutrientes exclusivamente minerais.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo dos micronutrientes (porcentaxe en masa do fertilizante)	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Mestura sólida de micronutrientes minerais.	Produto obtido por mestura de dous ou máis micronutrientes, en forma mineral exclusivamente.	Boro (B) 0,2 Cobalto 0,02 Cobre (Cu) 0,5 Ferro(Fe) 2,0 Manganeso (Mn) 0,5 Molibdeno (Mo) 0,02 Zinc (Zn) 0,5	Nome dos anións minerais.	- Porcentaxe de cada un dos micronutrientes presentes solubles en auga.
02	Mestura líquida de micronutrientes minerais.		Expresados en forma soluble en auga. - Na mestura sólida, a suma mínima de todos os micronutrientes: 5% da masa do fertilizante. - Na mestura líquida, a suma mínima de todos os micronutrientes: 2% da masa do fertilizante.		

1.3.3 Mesturas con micronutrientes complexados.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo dos micronutrientes (porcentaxe en masa do fertilizante)			Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4			5	6
			Cando o nutriente é presentado en forma				
				Só mineral (soluble en auga)	Complexado		
01	Mestura sólida de micronutrientes minerais.	Produto obtido por mestura de dous ou máis micronutrientes, un de eles, ao menos, en forma complexada, sen presenza de micronutrientes quelados.	Boro (B).	0,2		Nome dos anións minerais se existen e dos axentes complexantes.	<ul style="list-style-type: none"> – Porcentaxe de cada un dos micronutrientes presentes solubles en auga. – Porcentaxe de cada un dos micronutrientes en forma complexada.
			Cobalto (Co).	0,02			
			Cobre (Cu).	0,5	0,1		
			Ferro(Fe).	2,0	0,3		
			Manganeso (Mn).	0,5	0,1		
			Molibdeno (Mo).	0,02			
			Zinc (Zn).	0,5	0,1		
02	Mestura líquida de micronutrientes minerais.		<ul style="list-style-type: none"> – Na mestura sólida, a suma mínima de todos os micronutrientes: 5% da masa do fertilizante. – Na mestura líquida, a suma mínima de todos os micronutrientes: 2% da masa do fertilizante. 				

1.3.4 Fertilizantes con nutrientes principais e/ou secundarios que conteñen micronutrientes (contidos mínimos expresados en porcentaxe da masa do fertilizante).

Se o micronutriente é:	En cultivos extensivos e pastos con aplicación ao solo	En fertirrigación ou en uso hortícola con aplicación ao solo	En aplicación foliar
Boro (B)	0,01	0,01	0,01
Cobalto (Co)	0,002	–	0,002
Cobre (Cu)	0,01	0,002	0,002
Ferro (Fe)	0,5	0,02	0,02
Manganeso (Mn)	0,1	0,01	0,01
Molibdeno (Mo).	0,001	0,001	0,001
Zinc (Zn)	0,01	0,002	0,002

1.3.5 Axentes complexantes, unicamente para aplicación foliar e/ou fertirrigación e para os micronutrientes especificados

Ácidos ou sales de sodio, potasio ou amonio de:			N.º CAS
Ácido lignosulfónico, para todos os micronutrientes ¹ .	LS		8062-15-5
Ácido glicónico, para todos os micronutrientes	AG	C ₆ H ₁₂ O ₇	526-95-4
Ácido heptaglicónico, para todos os micronutrientes . .	AHG	C ₇ H ₁₄ O ₈	2782-86-7
Substancias húmicas (ao menos 60% de ácidos húmicos), para Fe, Cu e Zn	SH		68514-28-3
Aminoácidos libres, para Cu e Zn	AA		
Ácido cítrico, para Fe	AC	C ₆ H ₈ O ₇	77-92-9

¹ no caso do Zn e do Mn, poderase aplicar tamén directamente ao solo.

Grupo 2. Fertilizantes orgánicos

Nota. O uso de conservantes para evitar a contaminación microbiana en produtos fertilizantes encóntrase dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2012, relativo á comercialización e ao uso dos biocidas. Non se poderán utilizar substancias que non se correspondan co tipo de produto 6 segundo o anexo V do citado regulamento e que se encontren na Lista europea de substancias activas ou no Programa de revisión notificadas para tipo 6. Igualmente, a etiquetaxe do produto final ao cal se engaden estes conservantes deberá cumprir o requirido nos artigos 58 e 94 do Regulamento 528/2012.

2.1 Nitroxenados.

N.º	Denominación do tipo	Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais	Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos	Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe	Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes Outros criterios
1	2	3	4	5	6
01	Fertilizante orgánico nitroxenado de orixe animal.	Produto sólido obtido por tratamento, con ou sen mestura, de materia orgánica animal.	- N total: 6%. - C/N non maior de 10.	Humidade mínima e máxima.	- N total e N orgánico. - C orgánico. - C/N. - P ₂ O ₅ e K ₂ O totais (se superan o 1%). - Ácidos húmicos (se superan o 1%).
